



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de novembro de dous mil quince; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteseis de outubro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Secretaria Xeral de Cultura, Resolución denegando subvención para o proxecto Ukelele Kit Project (UPK), por non acadar a puntuación mínima requerida.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

**ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL, RELATIVO Á ÁREA DE
REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO DE
RIBADAVIA (OURENSE). COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN
ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A
REHABILITACIÓN EDIFICATORIA, E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN
URBANAS 2013-2016, ANUALIDADE 2015**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, e demais aspectos específicos da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de



Ribadavia (Ourense), no marco del R.d. 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016. Así mesmo acordase dar conta deste acordo na primeira sesión ordinario do Pleno que se celebre.

APROBACION DE ORZAMENTO

Visto o escrito de Don Alberto Vázquez Vázquez, con domicilio na Groba nº 55, na representación dos veciños da Groba, Chabolas e o Seixo, no que presenta dous orzamentos, un para a instalación dun bomba sumerxible por importe de 1.850,56 euros máis I.V.E. e outro para a construción dun pozo de barrena por importe de 4.950 euros máis I.V.E., amolos dous da empresa Sondeos Ourense, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación o orzamento presentado pola empresa Sondeos Ourense para a construción dun pozo de barrena na zona das Chabolas.

2º.- Tomar coñecemento do compromiso dos veciños da Groba, Chabolas e o Seixo, de facerse cargo do custo da instalación da bomba sumerxible na zona das Chabolas.

3º.- Dar tralado do presente acordo os interesados.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.